



CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de GUITARRA, para o Conservatorio de Música Profesional do Concello de Ribeira,

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 10:00 horas do día 10/12/2020, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 1.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS PRESENTADOS."

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de CONCURSO DE MÉRITOS:**

Nº	Apelidos e nome do aspirante	Experiencia profesional (máx. 6 puntos)	Formac.(máx. 4 puntos)	Total
1	Pedro Campos García	0	0	0
2	Antonio Luis Currás Pico	6	2	8
3	Sergio De la Ossa Jiménez	2,27	1,5	3,77
4	Carmen Gómez Silva	0	0	0
5	Miguel Emilio Santalices Blanco	6	1	7
6	Andrés Vázquez Romero	1,98	0	1,98

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Ribeira e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

Terceiro.- Conceder aos aspirantes un **prazo de dous (2) días hábiles, para presentar reclamacións ao resultado da cualificación do concurso de méritos. O devandito prazo comezará o día 11 de decembro e rematará o día 14 de decembro do 2020 (ambos días inclusive).**

Cuarto.- De conformidade co disposto no Decreto da Alcaldía de data 02/12/2020, **o desenvolvemento da fase de oposición levarase a cabo o día 11 de decembro de 2020, ás 10:00 horas, no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Ribeira.**

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde-Presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira, sito na Praza do Concello, nº 1.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. A secretaria do tribunal avaliador, María Sieira Ríos.

